



A APDR ESIXE AO GOBERNO CENTRAL QUE FIXE DEFINITIVAMENTE A CADUCIDADE DE ENCE E ELNOSA

A indefinición do goberno do PP ao respecto da repercusión que unha modificación da Lei de Costas puidera ter sobre a permanencia de ENCE e ELNOSA no seu actual emprazamento máis alá do 2018, non fai máis que sementar novas dúbidas sobre a intención do goberno central de prorrogar as anteditas concesións en terreos de dominio público marítimo-terrestre e fai sospeitar –máis unha vez- que sigue existindo unha total conivencia entre o goberno do PP e as empresas de Lourizán.

En efecto, o PP, que considera obxectivo prioritario esta modificación da Lei coa que pretende prorrogar por 30 anos os prazos das concesións afectadas, resistiuse a dar resposta á proposta parlamentar presentada polo BNG no pleno do Congreso do pasado día 10; solicitaba a deputada Olaia Fernández Dávila que o executivo expresara o seu compromiso de non abrir a man –con esta modificación- á permanencia na costa de empresas contaminantes como o complexo ENCE-ELNOSA. Resístese o PP a fixar definitivamente a data de caducidade para o complexo, deixando en papel mollado o establecido pola Xunta de Galicia hai ben pouco para este particular nas respectivas AAI de ámbalas dúas empresas.

E tentan xustificar a súa falta de concreción con argumentos que na Asociación Pola Defensa da Ría consideramos inxustificábeis. Escúdanse na existencia dun recurso de casación no Tribunal Supremo, un recurso que ten por obxectivo dilucidar se a administración debe incoar expediente de caducidade a ENCE e decretar a paralización da súa actividade en Lourizán por ter caducado xa a concesión, un aspecto que para nada debería influír na decisión do goberno de ampliar ou non o fin da concesión máis alá do fixado na actual Lei de Costas e nas respectivas AAI.

Desde a APDR reiteramos a nosa esixencia ao goberno central para que fixe de forma definitiva e irrevogábel a data de caducidade de ENCE e ELNOSA respectando, cando menos, os prazos fixados para ámbalas empresas nas AAI, e animamos ao goberno galego a defender diante do goberno central a necesidade de eliminar o principal foco de contaminación da Ría de Pontevedra, único xeito de facer posíbel a recuperación do medio, dos recursos naturais e da economía da comarca.

Pontevedra, 16 de abril de 2012

Pola Xunta Directiva da APDR,
Asdo.: Antón Masa, presidente.